

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/10

CARÁCTER: EXTRAORDINARIA URXENTE

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 26 de decembro de 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e coito minutos do día **26 de decembro de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO URXENTE** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez (excusa ausencia)

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria (incorpórase)

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

O Sr.Alcalde disculpa a ausencia inicial do concelleiro do Grupo Municipal Popular D.José María García Suárez.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN.

Aberta a sesión o Sr.Alcalde explica os motivos da urxencia da presente sesión que deriva do feito da necesidade de prestar aprobación aos investimentos financeiramente sostibles antes de que remate o ano co obxecto de que a financiación destes non computen na regra de gasto e poidan levarse a cabo con cargo aos remanentes de tesourería.

Sen promoverse deliberación polo Pleno por unanimidade dos membros acórdase a apreciación da urxencia da sesión polas causas indicadas e a subseguinte celebración da mesma conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- EXPEDIENTE Nº 1584/2018 RELATIVO A INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Dase conta da Proposta que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 24/05/2018 adoptouse polo pleno da corporación acordo de aprobación do expediente de modificación de crédito 10/2018, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para a aplicación do superávit da liquidación do orzamento de 2017, pola cantidade de 250.000,00 euros, con destino a inversións financeiramente sostibles, no que se incluía o seguinte:

“Que na providencia-memoria de Alcaldía de inicio de data 14/05/2018 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente na existencia dunha serie de investimentos que poden reunir as características de financeiramente sostibles, de acordo co disposto na DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012, pero para os que aínda non foron elaboradas as correspondentes memorias esixibles pola normativa, e para os que non é conveniente retrasar cando menos a obtención da correspondente consignación orzamentaria, coa fin de que podan ser executados na anualidade. Tendo en conta que o concello conta a data de hoxe con remanente de tesourería que excede o superávit orzamentario suficiente para financiarlas, a pretensión será a tramitación dunha modificación de crédito na modalidade de suplemento empregando este remanente de tesourería como financiamento, e con posterioridade unha vez elaborados os correspondentes documentos técnicos, xustificar que se trata de investimentos financeiramente sostibles de xeito que non computen para a regra de gasto (...)

TERCEIRO. – Que en virtude do disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se elaboren polos servizos técnicos municipais as memorias precisas para acreditar que os investimentos recollidos no presente expediente reúnen a condición de financeiramente sustentables nos termos esixidos pola lexislación vixente”

O día 20/12/2018 foron elaboradas as memorias dos seguintes investimentos, asinadas polos servizos técnicos municipais, que se inclúen no expediente:

- MEMORIA TÉCNICA INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES
INVESTIMENTO: ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE DOUS VESTIARIOS NA CASA DAS ALGAS
- MEMORIA TÉCNICA INVESTIMENTO: MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE SAN VICENTE E VILELA (COVELAS), IGREXA (CEDOFEITA), A PALMEIRA, CHAO DE OVE E A GRAÑA (OVE), IGREXA E AS CRUCES (PIÑEIRA), CIRCUNVALACIÓN DE RINLO, SAN XILLAO (VILAFRAMIL), E BARRIO NOVO E CINXE(A DEVESA)

O día 21/12/2018 emítase informe por parte da intervención de acordo co disposto no apartado 6 da DA 16 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Atendendo ao disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, propoño ao pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Determinar que os investimentos a que se refiren as memorias técnicas de 20/12/2018, ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE DOUS VESTIARIOS NA CASA DAS ALGAS, MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE SAN VICENTE E VILELA (COVELAS), IGREXA (CEDOFEITA), A PALMEIRA, CHAO DE OVE E A GRAÑA (OVE), IGREXA E AS CRUCES (PIÑEIRA), CIRCUNVALACIÓN DE RINLO, SAN XILLAO (VILAFRAMIL), E BARRIO NOVO E CINXE(A DEVESA), e que se financiaron a través da modificación de crédito 10/2018 co remanente de tesourería derivado da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, cumpren coas esixencias para ser consideradas financeiramente sostibles, de acordo co sinalado na DA 16 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Por parte da Alcaldía cédese a palabra ao Concelleiro de Facenda Sr. Castro Reigosa que explica resumidamente as obras / investimentos que afectan a este expediente.

Sen máis deliberación a Corporación en votación ordinaria por catorce votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG, PP e C's) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Socialista) acorda prestar aprobación á proposta referenciada nos seus propios termos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE